

Todo semella que este título, *Un último destino*, pecha un amplísimo macrotexto de X. C. Caneiro. Un macrotexto de varios miles de páxinas, que comezou en 1997 e que acostuma a ser etiquetado desde paraxes extraliterarias do ideoloxismo doutrinario. Non deixa de producir abraio que certa crítica, que no seu día tivo o atrevemento arraián á ignorancia ou ao disparate, de elevar a obra de Caneiro aos máis altos cumes do parnaso literario universal, agora masacre e menosprece os seus escritos coincidindo curiosamente coa rebeldía do seu autor fronte a certos dogmas e ortodoxias políticas.

Un último destino ven poñer o ramo, como xa dixen, a este labirinto de historias suturadas pola paixón pola literatura. Unha nova macronovela, sen as barras opresoras do inicio, desenvolvemento e desenlace, que mergulla ao lector nese territorio ficcional de Dalmara, xa pre-

Amplo macrotexto

Coa estética de sempre

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

sente no mundo novelesco do escritor. A Dalmara, mestura de Macondo e Comala, de paraíso e deserto, morada de seres felices e dementes, regresa o protagonista nun mes vacacional, relaxante e terapéutico. Regresa para vencer, para curarse do esquecemento e porque non pode soportar a melancolía. E mentres volve, recupera as sensacións da súa infancia e adolescencia. El, útil servidor do sistema económico, cousa que nunca quixo

ser, rescata a súa familia, unha saga de lascivos e desnortados, de orates que perden a cabeza por amor. Rescata tamén, nesta vila enferma de insania e limítrofe coa fantasía, os mundos de ficción nos que viven mergullados os seus melancólicos, desnortados e amorferidos poboadores. E así, recreándose nos recordos e sen facer demasiadas preguntas, atopa a felicidade e aprende o esencial da vida, a alma das cousas.

A novela de Caneiro é outra meditación poética sobre o vivir e sobre esa meta sempre procurada: o lugar onde repousa a felicidade. Mais tamén, un canto á fantasía, ese lado fusco da realidade, máis

*Unha meditación
poética sobre a
existencia*



alá de todo o que é tanxible. E nesa atmosfera, pouco menos que espectral, verase envolto o lector que sexa capaz de soportar a case ausencia de trama e de aventuras apaixonantes. Non faltan, porén, infinitas andanzas delirantes da que é protagonista esta tribo de desnortados ou que teñen lugar no inter-nado misóxino de curas da cidade. E non faltan, sobre todo, as marcas definitivas da escrita de Caneiro: unha aposta inquebrantable e quizais desaforada a prol dun modelo lingüístico culto, baseado nos xogos metafóricos, na riqueza lingüística, na harmonía dos sons. E tamén na desmesura verbal dun ouirve que aloumina a lingua e á vez estíraa e convulsiónaa con arriscados e singulares neoloxismos. Xa que logo, a estética de sempre, que individualiza e lle confire unha grande rendibilidade estilística á obra.

CANEIRO, Xosé Carlos, *Un último destino*, Editorial Galaxia, Vigo, 2010, 19,50 €